Interbull é un centro que forma parte do ICAR. Facemos a valoración internacional dos sementais de distintas razas leiteiras, agora mesmo traballamos con 6 razas en máis de 30 países, das que a principal con diferenza é a frisona. O que pasa é que as avaliacións nacionais destas razas non son comparables. Entón desenvolveuse hai máis de 20 anos unha metodoloxía que volve comparables as avaliacións xenéticas de cada país. Así, ao final da aplicación desta metodoloxía obtemos unha lista de tódolos touros do mundo na escala de comparación de cada país. Hai unha escala para España, outra distinta para Francia, para os Estados Unidos...

¿Por qué as clasificacións dos touros nestas escalas non son as mesmas?

Porque os obxectivos de selección en cada país son distintos. Existen algun-

has diferenzas extremas: por exemplo os países que teñen a súa produción baseada en pastoreo, como Nova Zelandia, fronte os Estado Unidos, que sería o outro extremo. Son dous sistemas produtivos moi distintos, o que leva a que teñan moitas diferenzas nos criterios de selección dos seus sementais. Entón, o traballo de Interbull permite que se tomen en consideración non só as diferenzas xenéticas, senón tamén a interacción entre a xenética e o ambiente. Este é o fundamento de Interbull: ter unha comparación xusta, unha comparación cientificamente aceptable entre sementais de diferentes orixes.

¿E como están a evolucionar os criterios de selección a nivel mundial?

En xeral pódese dicir que os caracteres que están relacionados coa saúde e a reprodución son os que gañaron máis énfase nos índices de selección. Claro que principalmente a proteína

segue sendo un dos obxectivos de selección principal, pero todos os países están recoñecendo que é importante ter en consideración factores como a lonxevidade, a fertilidade, a saúde do ubre, caracteres como a facilidade de parto e outras características relacionadas coa funcionalidade do animal e tamén co seu benestar.

¿Cal é a vantaxe de facer estas comparativas entre sementais de distintos países?

Cada vez máis, a través de Interbull os países están intercambiando informacións, aprendendo uns dos outros, e isto está volvendo os índices de selección menos dirixidos a unha soa característica, porque hoxe é coñecido que se un selecciona soamente nunha dirección vai ter un impacto negativo nos demais caracteres. Por iso, hoxe está claro que as características funcionais, as características vinculadas á saúde son as máis importantes.

Interpretando os datos xenómicos



Por Daniel Martínez Bello
Veterinario e Director Técnico U.T.E. Bos

A selección mediante a análise xenómica está a causar unha auténtica revolución nos esquemas de mellora das razas leiteiras de todo o mundo, e moi en especial na raza frisona. Todos os especialistas coinciden en que se trata dunha tecnoloxía que chegou para quedar, aínda que por suposto en continua evolución.

Trátase dunha **ferramenta de selección dunha potencia asombrosa**, que se perfeccionará a medida que se vaian testando mais e mais animais en todo o mundo. Ata o de agora, en cada avaliación xenética Norteamericana, **os xenetistas incluíron cambios moi importantes na metodoloxía dos cálculos** e os pesos e fiabilidades outorgados aos diferentes rasgos, en función da información obtida, entre cada dúas avaliacións. E todo parece indicar que **isto vai seguir ocorrendo aínda durante longo tempo**, dándose un efecto semellante ao dos cambios de base xenética, no sentido de que, cada avaliación non podemos comparala exactamente coa anterior, en tanto en canto se introduciron cambios nos cálculos. Deste xeito, é de supoñer que **cada avaliación é máis fiable que a anterior**, pero debemos todavía ser cautelosos e **agardar novas melloras**, a curto e medio prazo.

Tendo en conta a súa importancia e o incremento do seu uso, debemos esforzarnos por comprender os aspectos prácticos da mesma, e aprender a ler e interpretar as probas xenómicas, xa que, **a partir de agora vai ser o novo idioma** no que se expresará a xenética. E para coñecer este idioma, necesitamos estudar algúns aspectos de **cómo se calculan os datos** das avaliacións xenómicas.

A nivel práctico, os produtores de Estados Unidos e Canadá, dispoñen de varias posibilidades para testar os seus animais. En Europa, varios países están xa avanzando nesa dirección,

entre eles España. Non obstante, e mentres esta tecnoloxía non esté dispoñible coa conseguinte avaliación xenética en base española, **podemos acceder ás probas norteamericanas para testar as nosas femias**, ben nos Estados Unidos a través de entidades colaboradoras, coma a empresa holandesa "Eurogenes" ou ben a través do programa canadense "Geno Testing". En calquera caso, convennos coñecer os **tipos de test que hai dispoñibles** e as súas características.

Ata o día de hoxe, a maioría do gando testado xenómicamente en Norteamérica (tamén de Europa), **foi testado co test denominado 50K** (Illumina- Bobine SNP50 BeadChip TM), que ten máis de 58.000 SNP (as fraccións do ADN que localiza esta técnica, e que despois, se relacionan con caracteres de interese productivo e con índices xenéticos). Cunha base de datos común de Canadá e Estados Unidos, con este test conseguiron datos de animais en número suficiente, para desenrolar sofisticadas ecuacións de predicción, logrando avaliacións xenéticas melloradas na súa precisión, pola incorporación desta información xenómica sobre as valoracións tradicionais.

En Setembro de 2010, USA e Canadá, **anunciaron a dispoñibilidade dunha proba xenómica, que utiliza unha densidade máis baixa**. O chamado **Chip 3K de Illumina**, que utiliza **sobre 3.000 SNP**. Este método, foi deseñado para ser unha alternativa moito máis barata e concebida

como pre-screening, de xovencas e becerros, de cara á selección dos mesmos para diferentes propósitos comerciais. Este Kit 3K, tamén **ofrece a posibilidade de determinar as paternidades das mostras**, sempre que os proxenitores estean analizados con test 50K. Existe ademais, **outro test de altísima densidade, o 850K**, dun prezo elevadísimo, cuio uso se reserva sobre todo a investigación e á contribución no perfeccionamento dos outros test comerciais.

¿Por que tres paneis diferentes? ¿Cales son os beneficios de ter os paneis 3K, 50k, e 850K?

No caso do 3K a resposta obvia é polo seu prezo que posibilitará testar animais a **gran escala de xeito económico**, comparado cos outros test. O **Kit 850K**, a pesares do seu altísimo prezo, ten a súa razón de ser na **ganancia de fiabilidade das probas** que promete ofrecer. Por estes motivos, a estratexia que se plantexa en Norteamérica, é a seguinte: utilizar o kit 3K para un primeiro filtro, ou screening de milleiros e milleiros de xatas e xatos moi novos, dentro da poboación xeral; o **Kit 50K**, recoméndase para os **touros en I.A.**, e as vacas (selección de doantes ou nais de sementais); e o **kit de alta densidade (850K)**, quedaría **reservado para asegurar a máxima fiabilidade** posible, no caso de touros de referencia que sexan clave, cando se trate de estimar os efectos de diferentes marcadores sobre cada rasgo de interese.

A importancia dos xenotipos imputados

Neste intre, dada a dispoñibilidade de decenas de miles de xenotipos feitos co panel 50K, os investigadores conseguiron determinar as fraccións de ADN que con maior frecuencia se herdán xuntas, en bloque (haplotipos), dentro de cada poboación da raza. Grazas a isto, o test 3K pode usarse para identificar estes bloques de ADN que un animal recibiu do seu pai e da súa nai, co que consiguen reconstruír (para atrás) o xenotipo 50K dese animal (a pesar de que o seu ADN foi analizado co test 3K). Este proceso coñécese como "IMPUTACIÓN". A vantaxe fundamental desto é que miles de animais poden ser xenotipados utilizando o test barato 3K, e este tipo de xenotipo resultante da imputación, varía moito na súa fiabilidade, según o nº de animais emparentados con ese individuo que estén xenotipados co kit 50K, podendo chegar a ter fiabilidades moi cercanas.

Uso dos xenotipos imputados nas avaliacións xenéticas

Tanto Canadá como Estados Unidos decidiron incorporar a información destes xenotipos imputados nas avaliacións xenéticas, por primeira vez en Decembro de 2010. Os resultados 3K, son imputados a 50K coa fiabilidade que lles corresponda a

cada un (según os parentes testados co 50K). Nesta avaliación de Decembro de 2010, Canadá non incorpora as vacas extranxeiras xenotipadas co 3K na súa avaliación, pero si as nacionais, mentres que Estados Unidos prevé incorporalas na avaliación de Xaneiro de 2011.

Características das avaliacións xenéticas actuais: combinación da xenómica e a tradicional

Nesta etapa de cambios continuos, todos (gandeiros e técnicos) os que utilizamos a información das probas dos touros e das vacas, **debemos actualizarnos na comprensión da linguaxe que utilizan, e coñecer os novos conceptos que xurden para poder entendelas adecuadamente e sacarles partido.** Para explicar como se combinan os valores xenómicos cos tradicionais, utilizaremos o modelo de Canadá:

O produto final dos novos cálculos xenómicos no CDN (Canadian Dairy Network) é o Valor Xenómico Directo (DGV) para cada rasgo en todos os animais xenotipados. Rasgo a rasgo, o valor de DGV combínase co valor da avaliación xenética tradicional, o cal pode ser un promedio dos pais (PA) no caso do índice de pedigrí, unha avaliación nacional oficial (EBV), ou a proba MACE (internacional). Tras facer esta "combinación" de valores, resulta a avaliación

xenómica (dispoñibles dende Agosto de 2009), que **se identifica cunha "G" diante das siglas dos índices correspondentes** na avaliación tradicional, pasando a ser "GPA, GEBV, e GMACE" respectivamente. En Canadá, a combinación dos valores obtidos por xenómica e tradicional, outorga un peso diferente a cada un (á hora de combinalos) según a súa fiabilidade respectiva, o cal depende do tipo de animal de que se trata e de como foi obtido o dato. Así para xovencas e touros novos (sen proba), o peso do valor xenómico no GPA (índice xa mezclado) é aproximadamente do 65%, mentres o 35% restante ven do pedigrí. Para vacas novas de 1º e 2º parto o peso relativo, é aproximadamente 55:45 no DGV respecto ó tradicional EBV (55% de peso do xenómico e 45% de peso do índice tradicional). Para vacas máis vellas (con fillas con datos) e touros probados, tanto o DGV como o EBV reciben pesos similares (en torno ao 50%).

En Galicia contamos xa cun número importante de animais, sobre todo xovencas e tamén vacas que teñen xa xenoma 50k, e incluso unhas poucas con xenoma 3k.

Cadro explicativo da contribución do valor xenómico no cálculo do índice xenómico final no caso de LPI

Holstein	Fiabilidade promedio do LPI (%)			
	Tradicional	Xenómico	Ganancia de fiabilidade	Peso do valor obtido por xenómica (DGV)
Xovencas e touros novos (nados 2007-2010)	37	65	28	64%
Vacas novas (1º e 2º parto)	54	69	15	56%
Vacas extranxeiras con proba MACE en Canadá	43	67	24	61%
Touros probados en Canadá (primeira cosecha de fillas)	86	89	3	51%
Touros extranxeiros con proba MACE en Canadá	70	80	10	53%

Resumo de resultados das femias do Programa Galego

En decembro do pasado ano, comezamos a enviar mostras a Estados Unidos para obter a avaliación xenómica de animais do Programa Galego, e tamén doutras vacas que solicitaron distintos gandeiros a título individual. Ao longo do ano, recibimos os resultados nas distintas avaliacións, chegando nestes días pasados a superar a centena de animais do Programa analizados, e con avaliación en Decembro de 2010. Ao marxe de animais destacadísimos no panorama internacional, tendo 4 xovencas entre as 100 primeiras de Europa, os resultados globais son aínda máis importantes, pois deixan patente o alto nivel xenético en canto aos índices de Canadá e Estados Unidos, que ten o conxunto das femias analizadas. Os resultados obtidos, non só nos axudarán a seguir afinando na selección á hora de escoller as nais de sementais, senón que sin-

lan un elevado número de femias xurdidas do Programa, como “moi interesantes” dende unha perspectiva internacional. Noutras palabras, que poderían ser nais en calquera programa do mundo.

En resumo, se facemos unha revisión dos resultados dende a perspectiva dos índices de Canadá atopamos que:

- 23 xovencas e vacas, atópanse dentro do 1% mellor da raza, en Canadá por GLPI, en Decembro de 2010.
- 42 femias analizadas, atópanse no rango de percentil 95 a 99, por GLPI.
- 85 animais, están dentro do percentil 90, e dicir pertencen ao 10% mellor da raza en Canadá, por GLPI, neste mes de Decembro de 2010.

Dende a perspectiva da selección por tipo, 19 destas femias están

dentro do 1% mellor de Canadá (índice para tipo 12 ou mellor), 40 animais dentro do 5% mellor para tipo (índice xenómico de tipo de 10 ou máis); e ata 74, dentro do percentil 90, e dicir, no 10% mellor da raza en Canadá, para tipo (índice de 8 ou máis).

Dende a perspectiva dos índices de Estados Unidos, o resumo dos datos dispoñibles ata hoxe, é o seguinte:

- 48 dos animais analizados atópanse dentro do percentil 90, para o índice económico Mérito Neto, 35 deles, dentro do 5% mellor da raza, de todos os animais analizados nos Estados Unidos. Con respecto ao índice GTPI, 36 femias do Programa de Bos, teñen valor superior a 1.800, en Decembro de 2010.

Nas táboas seguintes, relaciónanse as 25 primeiras femias do Programa, na avaliación canadense e americana respectivamente.

Lista das 25 primeiras femias do Programa Bos, por LPI

	NOME	LPI	Percentil LPI	LEITE	TIPO
1	BOS PLANET LEONA ET	2836	99	1565	12
2	BOS SHOTTLE SELENA ET	2790	99	1070	14
3	BOS MAN OMAN PRECIOUS ET	2672	99	1692	12
4	BOS SHOTTLE SECRET ET	2628	99	1031	13
5	BOS PAGEWIRE SABELA ET	2530	99	1984	10
6	BOS SHOTTLE DIAMANTE ET	2360	99	965	12
7	BOS PLANET MIRTA ET	2348	99	2029	7
8	BOS BAXTER DONNA ET	2282	99	1742	12
9	BOS STOL JOCK SHONA ET	2272	99	1942	11
10	BOS MILLION AIKO ET	2247	99	657	15
11	BOS MILLION AIMI ET	2162	99	679	14
12	BOS ONWARD LUCIA ET	2138	99	1733	8
13	BOS BOLTON TRULY ET	2136	99	2277	6
14	BOS MR BURNS SENDA ET	2134	99	843	11
15	BOS JET STREAM CIRCONITA ET	2122	99	2160	9
16	BOS COCHERO XACOBEO JESSICA ET	2119	99	1271	15
17	BOS ASHLAR TIFANY ET	2103	99	1213	10
18	BOS SHOTTLE ROSETA	2079	99	1732	13
19	BOS SIDNEY DALILA ET	2076	99	1793	9
20	BOS TRUMAN SASHA ET	2067	99	1238	11
21	BOS PRONTO MANDARINA ET	2030	99	1167	9
22	BOS JEEVES SHERICE ET	2015	99	1148	11
23	BOS PLANET WANJA	1979	99	2086	3
24	BOS GOLDWYN JULIA ET	1952	95	877	8
25	BOS MILLION CINTIA	1949	95	1630	11

Lista das 25 primeiras femias do programa Bos, por TPI e Mérito Neto

	NOME	GTPI	Leite	TIPO	Merito Neto	Percentil MN
1	BOS SHOTTLE SELENA ET	2233	695	2.86	671	99
2	BOS PLANET LEONA ET	2168	1174	2.48	652	99
3	BOS SHOTTLE SECRET ET	2164	555	2.81	621	99
4	BOS PRONTO MANDARINA ET	2103	898	2.46	562	99
5	BOS PLANET MIRTA ET	2094	1581	2.37	539	99
6	BOS MILLION AIMI ET	2014	114	3.22	489	99
7	BOS MILLION CINTIA	2008	1644	2.80	450	99
8	BOS COCHERO XACOBEO JESSICA ET	1986	1078	3.00	403	98
9	BOS MILLION AIKO ET	1980	206	2.83	441	98
10	BOS PAGEWIRE SABELA ET	1980	1516	2.50	440	98
11	BOS SANCHEZ SHERAY ET	1970	126	3.04	422	98
12	BOS BAXTER ODISEA ET	1937	420	2.75	399	98
13	BOS TRUMAN SASHA ET	1910	720	2.21	431	98
14	BOS BOLTON CAYLA ET	1908	1364	2.37	410	98
15	BOS JET STREAM CIRCONITA ET	1908	1725	2.33	352	96
16	BOS ROUMARE SPAR ET	1905	1084	2.49	378	97
17	BOS GOLDWYN JULIA ET	1904	464	2.47	406	98
18	BOS STOL JOC SHONA ET	1904	1449	2.30	361	96
19	BOS JEEVES SHERICE ET	1895	229	3.00	332	95
20	BOS GOLDWYN YESSY	1883	540	3.06	338	95
21	BOS SHOTTLE DIAMANTE ET	1879	336	3.09	335	95
22	BOS BAXTER DONNA ET	1876	1053	2.17	363	96
23	BOS GOLDWYN TAISH	1863	700	3.00	325	94
24	BOS PLANET WANJA ET	1859	1622	1.37	388	97
25	BOS PLANET AUSTERA ET	1857	1020	1.60	416	98

“A partir do 1 de xaneiro para o rexistro de calqueira macho, o propietario deberá achegar xunto á Declaración de Nacemento as correspondentes probas de filiación (pai e nai)”

Libro Xenealóxico

Inscripción de animais

Rexistro (femias)

- A Declaración de Nacementos deberá ter entrada na oficina de rexistro **dentro dos tres meses posteriores ao nacemento** do animal.
- Ós animais que superen esta idade, -e sempre que no momento da súa inscrición sexan menores de doce meses- **poderánselles esixir probas de paternidade (con cargo ao propietario)** ou outras medidas encamiñadas a fomentar a pureza racial e a dilixencia no rexistro.
- **A proba de paternidade e/ou maternidade será obrigatoria** para inscribir no rexistro principal ou Auxiliar B animais con xenealoxía coñecida que superen os doce meses de idade.

Rexistro de animais ET

Para rexistrar animais procedentes de Transplante Embrionario é necesario remitir á oficina de Rexistro, a seguinte documentación:

- **Probas de Filiación da Doante** (se non foran remitidas con anterioridade).
- **Certificado da recolleita** no que consten tódolos datos xenealóxicos dos proxenitores (pai e nai), data da recolleita, nº de embrións recolleitados, identificación das palletas (no caso de conxelados), así coma os datos de quen a realizou.
- **Certificado de Transplante** no que conste: xenealoxía do embrión, data da recolleita, nº de identificación da palleta (no caso de conxelados), C.I.B. da receptora, data de implantación e datos de quen a realizou.
- **Declaración de Nacemento** do animal debidamente cumprimentada, facendo constar que procede de Transplante Embrionario así como o C.I.B. da receptora.

Novidades no Rexistro de machos

A fin de evitar os retrasos na realización das obrigatorias probas de filiación a tódolos machos inscritos no Rexistro Xenealóxico, a Xunta Directiva de Conafe, na súa reunión do pasado día 22 de Xuño, tomou os acordos seguintes:

- **Que non se estableza límite de idade** para o Rexistro de machos (non se penalizará por inscrición “fora de prazo”).
- Que para o rexistro de calqueira macho o propietario deberá **presentar obrigatoriamente** xunto á Declaración de Nacemento as correspondentes **probas de filiación (pai e nai)**.
- Dita norma será de **obrigado cumprimento** para o **rexistro de calqueira macho**, a partir do día 1 de Xaneiro de 2011.

Plan Piloto de Rexistro sen Silueta

Dende o 1 de Xaneiro de 2010, **toda gandería de Galicia que desexe rexistrar os seus animais sen silueta, poderá solicitar a súa incorporación ao PPRSS (Plan Piloto de Rexistro sen Silueta),**

A adhesión implica:

- A partir da data de admisión, tódolos animais da explotación que se incorporen ao PPRSS, serán rexistrados sen silueta (programa de rexistro diferente).
- Cando se transfira un animal dunha explotación adherida ao Plan a outra gandería non adherida (sexa de Galicia ou de outra Comunidade Autónoma), o gandeiro deberá cumprimentar a silueta no Certificado de Rexistro, sobre a cal, a Asociación/Federación vendedora exporá o seu selo (validación).
- O mesmo proceso do punto anterior deberá seguirse cando un animal participe nun Concurso Nacional, ou calquera outro Concurso no que se esixa silueta.
- É tamén obrigatorio remitir a Fefriga o Certificado cumprimentado coa silueta para calquera animal do que se solicite a súa Carta Xenealóxica (exportación, poxa, etc).

Para a incorporación dunha explotación de Galicia ao PPRSS, o seu propietario ou representante **deberá solicitalo por escrito a FEFRIGA** por medio do correspondente impreso de solicitude.



Visita á U.T.E. Bos dunha delegación chinesa

No pasado día 28 de Xullo, a U.T.E de Bos recibiu a visita dunha delegación do sector leiteiro de China. Os once integrantes da delegación ocupan postos de relevancia nos esquemas de selección, centros de mellora, e de inseminación artificial da rexión de Beijing.

O día 28 durante a mañá, celebrouse unha reunión na U.T.E onde se lles explicou con todo detalle o funcionamento do Libro Xenealóxico e o Control Leiteiro en Galicia e en España, e tamén se impartiu unha charla sobre o Programa de Mellora baseado na Transferencia Embrionaria que desenrolamos desde Bos. Para rematar a visita, a delegación fixo un recorrido polas distintas instalacións de Bos, tanto laboratoriais como gandeiras, e puideron coñecer boa parte das vacas e xovencas doadoras de embrións.

Trala visita e as reunións mantidas, **o doutor Zhang Yuan, profesor da China Agriculture University**, (xefe da expedición) e como máximo responsable no seu país dos programas de mellora de gando vacún, salientou o

enriquecedora que lles resultou esta experiencia, e as enormes similitudes entre a súa situación e a nosa de hai 20 anos. Na súa opinión **viron no programa galego un modelo a seguir** e explicou que durante os últimos 20 anos desenrolan tamén un programa baseado na importación de embrións para obter os sementais que explotan nos seus centros de inseminación, pero sen aproveitar o potencial das femias que tamén se orixinan, para continuar as familias de vacas e poder obter novos sementais das seguintes xeracións. En definitiva, as súas reflexións foron na liña de enfatizar **a importancia de explotar a vía femia de cara a formar unha poboación de elite no seu país**, tal e como se estivo facendo en Galicia ata agora, xa que despois de 20 anos, **a súa dependencia do exterior no que a alta xenética se refire e absoluta e idéntica a do principio do programa**. Estas conclusións confirmáronas de novo tras o seu regreso a China despois de analizar con todos os integrantes da delegación as experiencias da súa viaxe que incluíu tamén o Reino Unido.



Visita aos laboratorios



Doutor Zhang Yuan con Bos Allen Cuxa ET



Visitounos a Cooperativa Pirenaica

Dende o ano 1996 o Programa de Mellora ten suscrito un acordo coa Cooperativa Pirenaica de la Seu d'Urgell, a través do cal diferentes explotacións de zona, e cuns efectivos gandeiros inscritos no Libro Xenolóxico e Control Leiteiro Oficial cifrados en máis de 4.500 femias, **colaboran no Programa de Testaxe de touros** de Galicia.

Nese contexto, os pasados días 20 e 21 de Xullo, visitounos unha delegación composta polo presidente e dous membros da directiva da "Associació Frisona de l'Alt Urgell-Cerdanya" (AFAUC), a responsable de Control Leiteiro de dita Asociación e un veterinario da Cooperativa Pirenaica especialista en reprodución, interesados todos eles, en **coñecer máis de preto o Programa galego**, as actuacións que se desenvolven e tamén, ver fillas dos diferentes touros do Programa que eles están utilizando ou desexan empregar.

Con estes obxectivos, a primeira visita foi a **Xenética Fontao**, onde o director do centro e persoal, explicáronlles o sistema de funcionamento e servizos que prestan, acompañándoos a continuación a visitar as instalacións. Moitos foron os touros que chamaron a súa atención, pero a estrela foi, como non, Xacobeo.

Pola tarde e na zona da Pastoriza visitamos **SAT Teixeira**, unha explotación modélica onde os seus propietarios amosáronnos os animais e responderon a todas as preguntas que sobre manexo, alimentación, programa de selección que seguen, etc,.. lles foron plantexando ó longo da visita. En resumo e según os comentarios que fixeron, foi unha **visita moi enriquecedora dende o punto de vista técnico e tamén moi agradable dende o punto de vista persoal** polo exquisito trato que nos dispensaron os propietarios da SAT.

Para rematar a súa estancia en Galicia, e logo de ter gañado (pola noite) o Xubileo, visitaron a **UDE de Bos**, onde ademais de **visitar as instalacións**, centraron a súa atención nas **doantes de embrións, manexo e desenvolvemento da recría** e tamén sobre os traballos que se están a facer nas nosas ganderías.

Facéndonos eco da petición que nos fai a AFAUC, aproveitamos para, da súa parte e dende estas páxinas, **agradecer a Xenética Fontao, SAT Teixeira e ao equipo de Bos**, as atencións recibidas e felicitarlles polo excelente traballo que están a facer.



Dende México tamén se achegan a Bos

Centro de Inseminación Artificial C.I.A.P.A.

O día 22 de outubro tivemos a satisfacción de recibir nas instalacións de Bos a **D. Elias Torres Jr e esposa**, quenes aproveitando unha viaxe que realizaban por Europa, **desexaban coñecer de primeira man a UTE de Bos**, traballos que se realizan, **xenética que producimos así como posibilidades reais de acceso á mesma**.

De recoñecido prestixio no sector agrogandeiro Mexicano, **a familia Torres é propietaria do Centro de Inseminación Artificial C.I.A.P.A.** (con rede de distribución para todo o país) e igualmente do "**Rancho Pájaro Azul**", en **San Felipe de Guanajuato**, que, con unhas **800 cabezas de Frisón Selecto**, conta coa súa **propia planta para a fabricación** de "**Rompote**", "**Doce de Leite**" e batidos lácteos.

Tras anos de traballo, **é gratificante o constatar que o Programa de Mellora de Galicia é coñecido e altamente valorado por profesionais de diferentes países e continentes**.

Acordo de colaboración con Africama

No ámbito de colaboración que existe entre as diferentes asociacións de criadores de frisón selecto, en materia de Selección e Mellora da Raza, os presidentes da Federación Frisona Galega (FEFRIGA) e da Asociación Frisona de Castilla-La Mancha (AFRICAMA), firmaron un acordo, co obxecto de, -en base á experiencia e profesionalidade do equipo Técnico de Bos,- **potenciar o Programa de Mellora que desenrola AFRICAMA**, contribuir á **formación** dos seus técnicos, prestar a **asistencia técnica** e servizos necesarios e á vez fixar as condicións para o **intercambio de xenética** entre ambos Programas.





Clube de Xóvenes Gandeiros de Galicia

se tes o que
hai que ter...
ASOCIATE



Subasta nacional

Na primeira edición da Subasta Nacional celebrada en Xixón dos días 16 ó 19 de Setembro organizada por Conafe, tamén estaba o Clube.

É de saber que cando un animal chega a un concurso ou a unha poxa, hai detrás unha coidada labor dos gandeiros propietarios, por eso, neste caso debemos manifestar a nosa consideración ós 10 propietarios que aportaron as xovencas, e como non, felicitar aqueles que a día de hoxe continúan co seu coidado nas súas granxas.

No transcurso das xornadas nas que tuvo lugar a presentación dos animais a subastar traballaron con esmero e dedicación os nosos compañeiros: **Jose M^a Pérez, José Alberto Iglesia, Alba Álvarez, Rocio Manteiga, Santiago Filgueiras, Maria Manteiga e María Fuente**. A este equipo, **dirixido por Iván Cid**, hai que engadirle tamén a **colaboración de Iván López e Noel Balsa**.

Unha atención maxistral e eficaz, responsable e profesional, de xeito que só podemos decirvos: **noraboa equipo**.

Gracias por esa dura colaboración amigos, estades sementando o voso futuro e temos claro que recolleitaredes moitos éxitos. Dende o Clube intentaremos por tódolos medios aportar toda canta formación sexa posible.



Chantada

O 16 e 17 de Outubro a quedada era en Chantada. Durante a fin de semana estivemos cun *stand* promocional mediante o cal pretendemos estar cerca tanto dos actuais socios coma dos que queiran unirse de novo.

Seguimos traballando para que os concursos sexan unha referencia, unha cita obrigada para todos aqueles que directa ou indirectamente dependen do gando.

Na convocatoria ó Concurso de Manexo debemos salientar o incremento na profesionalización dos que participan en cada ocasión, pero queremos facer unha chamada de atención a todos aqueles que aínda nunca saíron a pista e aqueles que dúbidan en facelo, adiante, o Clube será a vosa referencia, achegádevos e tentaremos axudarnos.

Baixo o patrocinio de Caixa Rural Galega, levamos a cabo o Concurso de Manexadores e do que obtivemos os resultados que podes ver na páxina 12.

Felicidades ós gañadores, as escarapelas hai que traballalas e votarlle valor para gañalas. Ánimo amigos, coidamos que é difícil voltar dun concurso sen levar algo novo aprendido, e ó longo das participacións veñen os primeiros postos!!

A exitosa celebración destas xornadas e a nosa presenza neste Concurso é consecuencia da **colaboración da organización, gracias por seguir traballando na convocatoria dos concursos e sobre todo, gracias por seguir contando con nós**.



Escola xuices

Durante os días 29 ó 31 de Xullo e previo a estas datas, estuvemos traballando na preparación e presentación dos animais da 36 Escuela Nacional de Jueces Ganaderos Conafe '10.

Nesta sesión especial formativa temos que resaltar a cantidade de xuventude e tamén a diversa procedencia do alumnado, o que provoca intercambios de impresións e sobre todo de amizade.

Temos que agradecer, en primeiro lugar ás ganderías que fixeron posible que esta Escola se levase a cabo, a continuación, a Conafe pola súa vontade para que esta actividade formativa tivera lugar en Galicia, e por último ós socios do Clube que estiveron traballando á reo para que a preparación e presentación das seccións fose o máis adecuada posible.

A parte teórica impartida por D. Gabriel Blanco, aportou información completa a cerca da morfoloxía da vaca, o que foi de gran utilidade durante a Escola pero de seguro que a posteriori, tamén na granxa de cada un.

Nas clases prácticas consideramos un luxo poder aprender con persoal tan cualificado como D. Mauro Carra, aportándonos abondosas e claras explicacións, propias dunha persoa con tan valiosa formación.

Así que, maestros Sr. Carra e Sr. Blanco, gracias por transmitirnos a vosa experiencia profesional e facer posible estas xuntanzas tan didácticas.

Finalmente e como compoñente primordial desta escola darlle ánimo ós alumnos, para continuar formándose e fomentar que o sector estea cada vez máis profesionalizado. Esperamos que todo estivese coordinado ó voso gusto e que poidamos vernos en máis ocasións.

GRACIAS AS GANDERÍAS:

Anduriña, Bos, Carballeiras, Fraga, Blanco e Pozo.

GRACIAS ÓS SOCIOS: Bonet Cid e José M^a Pérez a Odón Castro, Iván Cid, Iván López, Águeda Capón, Roi Capón, Alba Álvarez, José Alberto Iglesia, Jaime Serrabassa e Pedro Saavedra.



bo nadal



CXG
Clube de Xóvenes
Gandeiros de Galicia



I Xornadas Calidade do Leite Serivet

Como socios do Clube, tivemos a oportunidade de participar nas I Xornadas de Calidade do Leite que Serivet organizou en Ribadeo, os días 22 e 23 de Outubro.

Baixo a dirección do socio e profesional Xabier Bermúdez, poidemos disfrutar e aprender con un completo programa durante o que se abordaron temas como a calidade do leite, mamitis e benestar animal, entre outros.

Foron unhas xornadas intensas pero moi aproveitables tanto dende o punto de vista dos técnicos como dos gandeiros, posto que como todos ben sabemos, nunha granxa é de vital importancia o control sobre a calidade do leite mais aínda nos momentos que atravesamos, nos que cada céntimo conta. Todos somos conscientes da cantidade de factores que poden facela variar, e gracias a este tipo de xornadas, podemos coñecer as diferentes análises nas que están a traballar os expertos para melloralas (características das pezoneras, rutinas de muxido, ...).

As perdas que supón nunha gandería a mamitis, son sen dúbida un dos temas mais preocupantes para o gandeiro actual, e durante estas xornadas poidemos coñecer as investigacións que están levando a cabo numerosos profesionais, como pode ser a relación da alimentación como factor influente na saúde da ubre, etc. . .

Tamén se falou sobre o benestar animal e as súas consecuencias, tales como un descanso confortable e limpeza axeitada, son factores que se traducen sen dúbida, nunha maior e mellor produción así como nunha importante redución de enfermidades e como consecuencia unha maior rendibilidade dentro da explotación.

Unha excelente combinación de ideas que, axudarán sen dúbida á viabilidade das nosas explotacións.

Norboa ó equipo de Serivet pola calidade destas xornadas e por darnos a oportunidade de poder participar nelas.



Cremona (Italia)

O pasado 29 e 30 de outubro, celebrouse en Cremona (Italia) a **Confrontación Europea da Raza Holstein**. Nesta ocasión Conafe asistiu, en representación de España con 10 animais, entre os que se atopaba Pozo Allen Mimosa.

O noso clube tamén se viu representado en dito evento, por un lado estaba **Alba Álvarez Núñez**, que concorria a este evento como representante española para competir na sección Senior do Concurso de Novos Preparadores, e por outro, Conafe brindou a oportunidade de asistir a Cremona a: **Iago Filgueiras, Jose Alberto Iglesia e Javier Álvarez**.

Dende estas liñas, o noso agradecemento a Conafe por confiar na capacidade dos nosos socios para integrar o grupo de preparadores nun evento de tal categoría, e ós propietarios dos animais pola súa mais que plena confianza.

Salientar a boa armonía e ambiente entre os integrantes do grupo español ó longo de tódolos días xuntos, así como o traballo e resultados obtidos.

Gracias amigos.



Convocatoria de cursos 2011

Para este ano temos previsto impartir os seguintes cursos de carácter gratuito.

- Alimentación de bovinos de leite
- Inseminación Artificial do gando vacún
- Benestar animal: condutores/as, coidadores/as
- Manipulador de produtos fitosanitarios

A fin de poder facer a correspondente programación, se estás interesado en participar nalgún deles, por favor, ponte en contacto con nós para poder axustar datas e lugares que mellor nos conveñan a todos.

Compra conxunta de doses seminais

Ó obxecto de que os socios poidan empregar nas súas explotacións sementais de recoñecido valor xenético a prezos asequibles, o pasado mes de Novembro solicitáronse ofertas ás distintas casas comerciais para poder organizar a compra conxunta de doses para 2011. Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa Técnica de Mellora Gandeira seleccionou para esta campaña os seguintes touros:

Touros Galegos

MARIO XACOBEO ET	BOS MORTY MONROI ET	BOS TITANIC MARGOT	PENA GOLDWYN BLITZ
BOS BOLIVER BOER ET	MANTOÑO DUNO	BOS CID ALLEN MACIÑEIRO ET	BOS SEIJO TALENT MAGREBI ET
BOS O-BEE MANFRED ORDES ET	BOS REGGIE REDECTOR ET	BOS SEIJO J.J. TRUENO ROJO ET	A.L.H. DANCER ET
BOS O-BEE MANFRED ONCE ET	FEAN WALDSTER ET	BOS SEPTEMBER VALERIO	A.L.H. AMSTERDAM (xenómico)

As probas pódense consultar na páxina 5.

Touros importados (probas Interbull. Decembro 2010)

NOME	Fiabilidade Producción	Índice Kg. Leite	% Graxa	Índice Kg. Graxa	% Proteína	Índice Kg. Proteína	ICAP- I. Capacidade	Índice Pes e Patas	Inserción Anterior	Inserción Posterior	Ligamento Suspensor	ICU Índice Ubre	IGT Índice Tipo	ICO	Índice Lonxevidade	Índ. Células Somáticas
LONGTIME	81	1576	-0.36	17	-0.05	44	1.96	1.46	1.80	1.38	1.03	1.81	2.09	3350	116	101
GERARD	80	1117	-0.03	36	0.13	48	1.68	0.57	2.37	1.58	1.14	2.46	2.06	3303	118	93
PAROCAS	76	1161	-0.06	35	-0.01	35	1.74	1.56	0.75	1.53	1.47	1.20	1.87	3064	117	117
WINDBROOK	81	919	0.22	54	0.03	31	2.04	2.35	2.29	2.69	1.95	1.92	3.06	3026	110	95
JORDAN	84	628	0.06	28	0.07	26	0.58	1.87	2.42	1.94	2.31	2.38	2.24	3023	125	116
END-STORY	73	936	0.24	57	0.12	41	2.26	1.07	1.33	2.21	1.19	1.91	2.35	3012	106	93
TOYSTORY	99	1067	-0.05	33	-0.03	31	0.53	1.21	2.03	1.36	1.37	2.25	1.83	2954	110	102
ALTAIOTA	79	662	0.34	56	0.16	36	2.29	0.32	1.64	1.41	1.34	1.98	1.96	2895	114	107
MILLION	80	712	0.19	43	-0.05	17	0.76	0.64	1.98	1.78	2.27	2.38	1.97	2617	114	105

- A través das Africor e como cada ano achegaranse ós gandeiros as solicitudes de seme. Para a asignación das doses por explotación terase en conta o número de vacas en Control (poderase solicitar ata un máximo de 3 doses por vaca controlada).
- Xunto ás doses de touros probados, entregaranse gratuitamente ata un 15% de doses de touros en proba do Programa.
- O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 31 de Xaneiro, e prevese comezar co reparto das doses no mes de Marzo.

axenda 2011

19 de Febreiro	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo
19/20 de Marzo	I CONCURSO DE GANDO FRISÓN ARZÚA '11 - A Coruña
24/27 de Marzo	XIII CONCURSO NACIONAL DE PRIMAVERA CONAFE '11 - Torrelavega - Cantabria
2/3 de Abril	XXV CONCURSO DE GANDO FRISÓN MOEXMU '10 - Lugo
10 de Abril	XIII POXA DE XOVENCAS DE SANTA COMBA '11 - A Coruña
7/8 de Maio	IV CONCURSO DE CRIADORES - POXA DE GANDO FRISÓN SARRIA '11 - Lugo
4 de Xuño	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo
16/19 de Xuño	XXXIV FEIRA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA
25/26 de Xuño	XVII CONCURSO FRISÓN FEIRADEZA - Lalín - Pontevedra
22/25 de Setembro	XXXII CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '11 - Gijón - Asturias
22/23 de Outubro	XV CONCURSO FRISÓN BECERRA SELECTA '11 - A Estrada - Pontevedra
5 de Novembro	POXA EN CASTRO RIBEIRAS DO LEA - Lugo
20 de Novembro	V POXA DE XOVENCAS DE MAZARICOS '11 - A Coruña

Es agricultor?

Esto é para ti

A identificación de gando bovino, ovino e cabrún será máis doada mediante a oficina agraria virtual

O novo sistema de identificación do gando bovino, ovino e cabrún conta cunha **plataforma virtual** mediante a cal **os gandeiros poderán acceder de forma directa aos servizos** da área de gandaría e, polo tanto, a identificación dos datos.

En primeiro lugar, os interesados **poden recoller os crotais na Oficina Agraria Comarcal** dispoñendo de vinte días para colocalos, no caso do bovino, e seis meses no ovino e cabrún. Tras a correspondente identificación estes datos deben comunicarse canto antes á Administración, mediante a Oficina Agraria Virtual ou ben **a través do teléfono de atención ao cidadán 012**.

Os gandeiros **poden acceder á Oficina Virtual na páxina web da Consellería do Medio Rural** (www.mediorural.xunta.es), tan **só necesitarán** para realizar o trámite o **número de DNI** e o seu **PIN**. Polo que, poderán **identificar o gando dende calquera punto con conexión a internet**, ou se o prefiren tamén poden comunicar os **datos por teléfono chamando ao 012**.

Entidades identificadoras

Os interesados tamén poden auxiliarse nas **entidades identificadoras para o rexistro do gando**, simplemente terán que **comunicar con que entidade queren traballar**, estas poden consultarse na propia **Oficina Agraria Virtual ou no 012**. Hai que salientar que a identificación é **“un factor clave na sanidade animal, na trazabilidade da produción gandeira e na seguridade alimentaria”**.


Consulta os Datos da túa explotación, Actualiza os teus Rexistros,
Declara os Nacementos, Consegue as Guías de Traslado,...
...E moitas outras xestións.

Infórmate en emediorural.xunta.es/oav ou na túa Oficina Comarcal máis próxima.



OAV: RÁPIDA, CÓMODO E FÁCIL

NUDESA
NUTRIMENTOS DEZA, S.A.



*Alimentando **Bos***

www.nudesa.com • Tel. 986 581 200